



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

xgl-4/2021

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4/03/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

Marta Cajide Barbeito

ASUNTOS

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.

2º.- Actos edificación e uso do Solo.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **4/03/2021** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 18 de febreiro de 2021 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

■ Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico, emisión do informe xurídico da Secretaria-Interventora de datas 10/02/2021 e 3/03/2021 respectivamente, e demais antecedentes



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

obrantes no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanistica a :

A SERAFÍN SENLLE SENDÓN, veciño de Fistera para a Legalización das Obras de Ampliacións realizadas nun Aserradoiro (Referencia Catastral 15038A503003300000DH), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Técnico Visado con data 14 de Agosto de 2020 e redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez, e documentación presentada o 20/07/2020 e 19/01/2021 que constan no expediente; así mesmo deberá:

-- Antes do inicio das obras solicitarase polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

-- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- **EXPEDIENTE : 2020/U022/000004**

-- **LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 4/03/2021**

-- **ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo Rústico e en parte en Solo de Núcleo Rural.**

-- **PROMOTOR: Serafín Senlle Sendón**

-- **CONSTRUTOR: -----**

-- **DIRECTOR DE OBRA: Antonio Martínez Domínguez.**

-- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Baixa**

-- **USOS: Aserradoiro**

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as cantidades de **DOUS CENTOS SESENTA E OITO EUROS (268,00 €)** en concepto de **Taxa Servizos Urbanísticos (0,30%)**, e de **MIL NOVECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (1.965,14 €)** en concepto do **Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,20 %** previstos na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presupuesto de execución material de Oitenta e nove mil trescentos vinte e catro euros con setenta e tres céntimos (89.324,73 €).

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARÍA PILAR TRILLO MAYOBRE**, (Rexistro de Entrada 319 de 12/02/2021) **para proceder á realización de obras consistentes na substitución das fiestras existentes por outras novas de aluminio de cor branca na fachada traseira da vivenda** (Referencia Catastral 8608707MH7580N0001RT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **RAMÓN MARCOTE TRABA**, veciño de Fisterra (R.E. 325 de 15/02/2021) **para proceder ás obras consistentes na reparación do muro de bloque existente no lateral da finca da vivenda** (Referencia Catastral 8612083MH7581S0001SU).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por VICTOR MANUEL ESCARÍS SENLLE, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 371 de 18/02/2021) para proceder á realización de obras consistentes na colocación de soleira de formigón na finca da vivenda (Referencia Catastral 8214851MH7581S0001JU).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de IRIA VILAR FÁBREGAS, (Rexistro de Entrada 2159 de 18/11/2021) para proceder á realización de obras consistentes na substitución das carpinterías exteriores por outras de aluminio nunha vivenda (Referencia Catastral 8607517MH7580N0001IT); debendo axustase ás condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- A fiestra e a porta da planta baixa deberán ser de madeira, en cor natural ou tratadas con pintura ou lasur en cor verde (6020-G), con perfís superiores que se axusten á forma curva dos linteis.
- A fiestra presentará vidros continuos, sen billotes e contras interiores de madeira como elemento de escurecemento.
- A porta será maciza, sen encristalamentos e presentará un deseño de liñas simples, sen imitar deseños historicistas.
- A carpintaría da planta primeira poderá ser de aluminio lacado en cor branca, sempre e cando presente catro panos sinxelos sen billotes e sen persianas exteriores, situada na mesma posición da carpintaría actual, cunha parte fixa superior que manteña a división de panos da parte inferior practicable.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Non se autoriza o uso de persianas exteriores.
- Calquera tipo de carpintaría ou solución construtiva que se pretenda executar distinta das arriba indicadas, deberá ser autorizada pola DXPC, para o cal será necesario presentar unha proposta na que se defina o deseño, materiais, cor e tipo dos elementos de escurecemento de cada unha das xanelas ou porta.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por ROSA MARÍA MARCOTE CANOSA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 355 de 16/02/2021) para proceder á realización de obras consistentes na conexión coa rede de saneamento municipal con destino á vivenda (Referencia Catastral 1047622MH8514N0001SA), condicionada a:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, dispórase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.-

Co fin de garantir a reposición do firme presentárase ante o Concello una Fianza de 500 €.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión de obra para RBT de subministro de rede de baixa tensión subterránea con total canalización proxectada de 27 metros, a emprazar nunha parcela de (Referencia Catastral 15038A502022050000DQ), sita na localidade de San Martiño deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Antonio J. Sabín Vázquez que consta no expediente, condicionada a:

- Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.
- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.
- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais, para o cal presentarse en concepto de garantía provisional, Aval Bancario por importe de cento cincuenta euros (150 €) para garantir a reposición da urbanización afectada.
- Non se poderá acometer á contratación definitiva do servizo, que requirirá a presentación da Primeira Ocupación que esixe o artigo 27.7 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.
- A autorización concedida permitirá unicamente a realización da obra de acometida coa rede de servizo, para a execución da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data 5/03/2020, para a construción dunha vivenda unifamiliar, segundo o indicado polo artigo 356.5 do RLSG.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Dous euros con noventa e oito céntimos (2,98 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-- Vinte e un euros con oitenta e oito céntimos (21,88 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- A **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión de obra para RBT de subministro de rede de baixa tensión subterránea con total canalización proxectada de 3 metros, a emprazar na **Parcela B** (Referencia Catastral 15038A502011320000DH) sita na localidade de San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Pablo López Alonso que consta no expediente, **condicionada a:**

- Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.
- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.
- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais, para o cal presentase en concepto de garantía provisional, **Aval Bancario por importe de trescentos euros (300 €)** para garantir a reposición da urbanización afectada.
- Non se poderá acometer á contratación definitiva do servizo, que requirirá a presentación da Primeira Ocupación que esixe o artigo 27.7 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.
- A autorización concedida permitirá unicamente a realización da obra de acometida coa rede de servizo, para a execución da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data 5/03/2020, para a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

construción dunha vivenda unifamiliar, segundo o indicado polo artigo 356.5 do RLSG.

Así mesmo, **deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:**

-- **Un euro con trece céntimos (1,13 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-**

-- **Oito euros con vinte e seis céntimos (8,26 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretaria, dou fe.